

RESOLUCIÓN DO PRESIDENTE DO CONSELLO REITOR DA AGADIC DE ADXUDICACIÓN DAS SUBVENCÍONS CONVOCADAS MEDIANTE RESOLUCIÓN DO 23 DE DECEMBRO DO 2020 POLA QUE SE APROBAN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DAS SUBVENCÍONS A PRODUCÍONS E COPRODUCÍONS AUDIOVISUAIS DE CONTIDO CULTURAL GALEGO E SE CONVOCAN PARA O ANO 2021

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. No Diario Oficial de Galicia de data 15 de xaneiro de 2021 publicouse a Resolución do Presidente do Consello Reitor da Agadic de adxudicación das subvencións convocadas mediante Resolución do 23 de decembro do 2020 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a producións e coproducións audiovisuais de contido cultural galego e se convocas para o ano 2021.
2. O 29 de xuño do 2021, o órgano instrutor elevou proposta de resolución, con indicación do número de solicitudes subvencionadas e o importe económico de subvención correspondente a cada unha delas.
3. Con data 1 de xullo de 2021 publicouse na páxina web da Agadic a Resolución do Presidente do Consello Reitor da Agadic de adxudicación das subvencións convocadas mediante Resolución do 23 de decembro do 2020 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a producións e coproducións audiovisuais de contido cultural galego e se convocas para o ano 2021.
4. Con data 5 de xullo, recíbese na Agadic o escrito da empresa Xiana Gómez Díaz na que manifesta que os datos que aparecen na Resolución correspondente á súa solicitude amosan que o orzamento tido en conta pola Agadic para calcular a subvención correspondente no é correcto e solicita que sexa corrixido este erro.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O Presidente do Consello Reitor, por delegación deste, é competente para convocar e resolver os procedementos de concesión de axudas e subvencións e, no seu caso, acordar o reintegro, así como a incoación e resolución de procedementos sancionadores, tal e como se establece no artigo 17 1 n) dos Estatutos da Axencia Galega das Industrias Culturais.



2. Ao abeiro desta delegación de competencias, o Presidente tamén é competente para resolver o recurso potestativo de reposición, se os houbera, no prazo dun mes contado a partir da súa notificación.
3. Revisada, polo equipo técnico, a documentación que obra no expediente da empresa Xiana Gómez Díaz compróbase que, efectivamente, o orzamento que foi tomado de base para o cálculo da subvención non foi o orzamento remitido pola interesada ao abeiro da ampliación da convocatoria, como si se fixo co resto dos solicitantes.
4. Polo tanto, e para emendar este erro material, ao abeiro do disposto no artigo 109 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, o órgano instrutor realizou unha nova proposta de resolución con data do 7 de xullo de 2021 que modifica todas as contías a percibir en concepto de axuda aos proxectos seleccionados.

Por todo o antedito,

RESOLVO

Conceder á subvención, en base ao orzamento total dispoñible e aos importes solicitados segundo a modalidade de cada proxecto, ás empresas e polos importes expresados no cadro que sigue:

Exp	Produtora	Título	Mod	Subvención	2021	2022	2023	2024
53	Cósmica Producións, S.L.	As neves	A1	252.164,14 €	23.019,13 €	52.630,11 €	75.649,24 €	100.865,66 €
76	Quien a Hierro Mata, A.I.E.	Un pasado por diante	A1	252.164,14 €	23.019,13 €	52.630,11 €	75.649,24 €	100.865,66 €
31	Miramemira, S.L.	Sica	A2	252.164,14 €	23.019,13 €	52.630,11 €	75.649,24 €	100.865,66 €
20	Filmika Galaika, S.L.	La parra	A1	96.986,20 €	8.853,52 €	20.242,35 €	29.095,87 €	38.794,46 €
73	Marea Blanca La Serie, AIE	Operación Marea Negra	E1	252.164,14 €	23.019,13 €	52.630,11 €	75.649,24 €	100.865,66 €
78	Vaca Films, S.L.	Fatum	A2	252.164,14 €	23.019,13 €	52.630,11 €	75.649,24 €	100.865,66 €
1	Alice la Serie, AIE	O diario de Alicia	E3	155.177,93 €	14.165,62 €	32.387,76 €	46.553,38 €	62.071,17 €
30	Sygnatia, S.L.	Chica e Lobo	B	252.164,14 €	23.019,13 €	52.630,11 €	75.649,24 €	100.865,66 €
4	Producións A Fonsagrada, S.L.	TROKERS, o noso mundo está nas súas mans	E3	155.177,93 €	14.165,62 €	32.387,76 €	46.553,38 €	62.071,17 €
24	Agallas Films, S.L.	Dúas vellas, sete gatos, tres máquinas de coser	C	77.588,97 €	7.082,81 €	16.193,88 €	23.276,69 €	31.035,59 €
66	Xiana Gómez Díaz	Salvaxe, salvaxe	C	60.024,18 €	5.479,39 €	12.527,87 €	18.007,26 €	24.009,66 €
28	Viva Zapata y Villar, S.L.	Calada	C	77.588,97 €	7.082,81 €	16.193,88 €	23.276,69 €	31.035,59 €
15	Rapa a Película AIE	Rapa	C	77.588,97 €	7.082,81 €	16.193,88 €	23.276,69 €	31.035,59 €



52	Matriuska Producciones, S.L.	Hoxe e o resto do mundo	C	77.588,97 €	7.082,81 €	16.193,88 €	23.276,69 €	31.035,59 €
36	Vizuals Lab, S.L.	O capitán	C	51.402,69 €	4.692,36 €	10.728,44 €	15.420,81 €	20.561,08 €
45	Somadrome Films, S.L.	2084	C	67.890,35 €	6.197,47 €	14.169,64 €	20.367,10 €	27.156,14 €
51	Pulsa Control Z, S.L.	O affair	D	15.000,00 €	5.000,00 €	10.000,00 €		
65	Ángel Santos Touza	Alicia fai cousas	D	15.000,00 €	5.000,00 €	10.000,00 €		
9	Sétima S. Coop. Galega	Habitar	D	15.000,00 €	5.000,00 €	10.000,00 €		
40	Gaitafilmes, S.L.	Madalenas	D	15.000,00 €	5.000,00 €	10.000,00 €		
23	Rebordelos, S.L.	Túa será a terra	D	15.000,00 €	5.000,00 €	10.000,00 €		
84	Undodez, S.L.U.	Nena	D	15.000,00 €	5.000,00 €	10.000,00 €		

A presente resolución de concesión de subvencións pon fin á vía administrativa, consonte á Lei 4/2008 do 23 de maio, de Creación da Axencia Galega das Industrias Culturais e a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e contra dela poderase interpor os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

- Recurso potestativo de reposición ante a Presidencia do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da notificación, se esta fose expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto (artigo 123 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas).
- Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación ou publicación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto (artigo 46 da Lei 29/1998 de 13 de xullo reguladora da xurisdición contencioso administrativa).

Notifíquese a presente resolución aos interesados, de conformidade co establecido na Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O Presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais
 Román Rodríguez González

